

LEITE O prezo do leite en Galiza consolídase como o máis baixo de todo o Estado ▶ 10

VIÑO. Sobrevivindo á abafante burocracia do sector vitivinícola na Galiza ▶ 4 e 5



MINARÍA A mina adoutrina

Mentres a patronal mineira adoutrina nas escolas, en Touro denuncian o impacto da minaría ▶ 17-19

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLVI - Nº 329 - Novembro-December 2019

IV FORO DE AGROECOLOXÍA: GALIZA MIRA DE FRONTE A EMERXENCIA CLIMÁTICA



Os días 16 e 17 de novembro, o Convento Franciscano de Herbón acollía o IV Foro Labrego de Agroecoloxía que se daba a coñecer a través do slogan “Soberanía climática, emerxencia alimentaria”. Con este xogo de palabras pretendeuse chamar a atención sobre as íntimas conexións que existen entre o sistema alimentario e a crise por emerxencia climática que vivimos a escala global. ▶ Suplemento central

Mobilizacións polo remate das parcelarias n'Agolada

Tras dez anos de espera, á veciñanza de Agolada acabóuselle a paciencia. Unha década agardando polo remate duns procesos de concentración parcelaria indispensables para o desenvolvemento futuro da agricultura neste concello dezán. O SLG apoiou as súas protestas. ▶ 3



O Día Mundial contra a Violencia Machista na Galiza pon o foco no maltrato ás mulleres nos eidos xudiciais ▶ 22

MOCIDADE Consolídanse as xornadas de granxas abertas con dúas novas edicións en Vedra, A Estrada, Ribadeo e Tapia de Casariego ▶ 20 e 21

AGROAMBIENTAIS A Xunta recúa na súa intención de suprimir as axudas para agroambiente tras as denuncias do Sindicato Labrego ▶ 5



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

Na emerxencia climática, a vaquiña polo que vale

A Xunta de Galicia expresou a súa intención de manter este ano a prórroga para non obrigarse a utilizar inxectores de zurro como condición para percibir as axudas da PAC. «As aplicacións de xurros ou fraccións líquidas de dexestións con sistemas de prato ou abano poderán realizarse excepcionalmente mentres non se resolvan os condicionantes que deron lugar á súa excepción». Son declaracións oficiais de Medio Rural que publicou un coñecido xornal galego, aclarando que o que si está prohibido é a aplicación de xurros por canón.


Dende o Sindicato Labrego Galego preguntámonos por que seguen teimando a Consellaría de Medio Rural e o Ministerio de Agricultura cunha norma absurda contra a que existen multitude de evidencias científicas que a refutan. Non queremos prórrogas; só queremos que se paralice este auténtico disparate.

No Fouce 327, demos conta dos argumentos de **Juan Castro**, científico do **Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo**, que mantén que a gandería en extensivo e en réxime de pastoreo ás penas contribúe ao cambio climático, provocado pola queima de combustibles fósiles e por modelos de gandería intensiva desligados da terra e dependentes de insumos producidos a miles de quilómetros.

Neste senso, cómpre citar máis estudos que avogan por respectar a gandería extensiva na loita contra o cambio climático.

O primeiro deles foi realizado por **Paige Stanley** e **Jason Rowntree**, dous investigadores da **Universidade de Michigan** (Es-

tados Unidos) que demostraron científicamente que, se ben o gando vacún emite unha cantidade considerable de metano e outros gases de efecto invernadoiro como o amoníaco, os pasteiros ben xestionados son quen de capturar tanto ou máis carbono que o que emiten os animais que pacen neles.



Aínda que os animais criados en intensivo xeran unha cantidade de gases algo inferior aos que se alimentan de pasteiros (non computan os gases derivados do transporte de insumos como a soia ou o millo de América), Stanley e Rowntree descubriron que os pastos ben xestionados acumulaban 3'59 toneladas de carbono por hectárea e ano que non ía á atmosfera. Os seus cálculos deron como resultado que, por cada quilo de carne producida en pastoreo, capturábanse 6'65 kg de CO₂. Pola contra, nos animais criados en intensivo non existe ningún tipo de captura de gases, polo que estes van integramente á atmosfera contribuíndo ao quecemento global.

Ademais, habería que matizar a natureza dos gases emitidos polos ruminantes, principalmente metano. O investigador **Agustín del Prado**, do **Centro Vasco para o Cambio Climático**, explica que as vacas, do mesmo xeito ca outros ruminantes como as ovellas ou as cabras, sempre que se críen en sistemas extensivos de pastoreo, están integradas nun ciclo de carbono curto. A herba captura carbono da atmosfera, as vacas cómeno e dixíreno (só os ruminantes poden dixerir a celulosa da herba grazas á fermentación entérica no seu aparello dixestivo), e expulsan metano. Aínda que o metano si contribúe ao efecto invernadoiro,

cómpre aclarar que é un gas que só fica na atmosfera durante dez anos antes de degradarse, a diferenza do carbono derivado da queima de combustibles fósiles que pode permanecer na atmosfera millóns de anos. Por iso, é necesario reducir drasticamente a queima de combustibles fósiles para loitar contra o cambio climático, pero non a gandería se é sostible e en réxime de pastoreo.

Del Prado conclúe que a gandería ligada ao territorio non contribúe nin contribuíu de maneira relevante ao quecemento global e que, pola contra, aporta numerosos beneficios, polo que temos a responsabilidade e a

obriga de mantela viva.

Diante de todas estas evidencias científicas, cómpre preguntarse por que diversos organismos políticos como a Comisión ou o Ministerio de Agricultura ou a Consellaría de Medio Rural non apostan a fondo por unha conversión da nosa gandería cara a modelos máis sostibles ligados á terra en troques de promover andrómenas como investir millóns de euros en inxectores de xurros -as estimacións indican que a broma custaralle ás granxas galegas máis de 70 millóns de euros-, inviables tecnicamente en terreos irregulares como os que predominan na Cornixa Cantabrica e totalmente inútiles na loita contra o cambio climático.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Bernardo Estévez Villar, Margarida Prieto Ledo, Conchi Mogo e Isabel Vilalba Seivane

PECHE DE EDICIÓN 13-01-2020

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147

prensa@sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Avda. Leopoldo Calvo Sotelo, nº 1 A, 1º E. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

INFRAESTRUTURAS ▶ Están afectadas máis de 5.000 hectáreas e 51 empregos nas parroquias de Sexo, Agra, Baíña, Eidián, Ramil, Basadre, Val e Berredo

Queremos Parcelarias de Agolada esixe o remate de proxectos parados dende 2009

A pesares de ser zona de vocación agrogandeira, moitas fincas sufren abandono e a superficie media é de 1.200 m²

A plataforma Queremos Parcelarias en Agolada, farta de agardar por solucións da Xunta, iniciou unha campaña de mobilizacións no mes de novembro para esixir que se rematen os procesos de concentración parcelaria iniciados neste municipio pontevedrés, que levan dez anos parados.

Dende este colectivo consideran que a paralización destas obras están a esganar os diversos sectores agrogandeiros do concello e poñen en perigo os 830.000 euros investidos, xa que as declaracións de impacto ambiental estaba previsto que caducasen o 13 de decembro.

Estes proxectos afectan 5.000 hectáreas nas parroquias de Sexo, Agra, Baíña, Eidián, Ramil, Basadre, Val e Berredo. Deles, dependen 51 postos de traballo directos, máis dos que

existen hoxe en día no polígono industrial agolense. Aínda que o proceso de concentración comezou en 2002, e as obras iniciáronse en 2004, levan paradas dende o ano 2009, coincidindo coa chegada de Núñez Feijóo á Xunta.

Por este motivo, Queremos Parcelarias realizaron unha

concentración de protesta diante da Consellaría de Medio Rural, en Compostela o 21 de novembro, que foi apoiada polo Sindicato Labrego Galego. A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, presente nos actos de protesta, explicou que “en 2016, Feijóo comprometeuse a rematar todos os procesos de

concentración parcelaria iniciados n'Agolada, pero agora atopámonos con que nos din que non van retomalos coa escusa de que non queren facer concentracións por facelas, cando n'Agolada hai un gran dinamismo agrogandeiro que segue á espera de que se conclúan estes procesos de concentración parcelaria”.



Trinta empregos máis dependen de novos proxectos agrogandeiros

A zona que se quere concentrar está caracterizada por seren solos moi fértiles, na ribeira do río Ulla. O problema é que moitas das terras están en estado de abandono e moi parceladas. Un dato que ilustra o devandito é que a superficie media por finca nas parroquias en proceso de concentración é de 1.200 m². Ademais, hai novos proxectos agropecuarios en marcha, como cunha granxa avícola ecolóxica ou unha plantación de castiñeiros micorrizados que, xunto a outras iniciativas, prevén crear trinta postos de traballo a maiores dos existentes.

As queixas de Queremos Parcelarias en Agolada obtiveron o apoio da veciñanza, con máis de 800 sinaturas ás súas peticións. Ademais, o seu caso xa foi ao goberno local, ao Parlamento Galego, á Valedora do Pobo e mesmo á Casa Real. Agora, trasladaron as súas peticións ao Parlamento Europeo, subliñando que dos cartos investidos, 600.000 son de fondos comunitarios.



VIÑO ▶ Alguén pode pensar que iso de facer viño, estar entre cepas, non ter horario que te controle (sempre estás traballando, máis control imposible) ser dono do teu, mola, mola moito. E se engadimos que vas ter a hostia de axudas, que dende a Administración ten van guiar, tutelar, formar e aconsellar para que o teu proxecto arrinque, se consolide e poidas quedar vivir na aldea; e, quen sabe, que teñas, se podes e queres, nenos e nenas, e vivas, non sobrevivas, no rural galego, entón mola que te cagas. Pois perdoa por estragar as túas ilusións, pero mellor non penses en todo iso. Mellor, opoita. Pero se, así e todo, teimas e decides pensar neste modo de vida, dálle unha volta ao que che vou contar.

Vén ao rural, traballa as viñas, fai viño... e complicate a vida como nunca pensaches

Por **Bernardo Estévez Villar**,
responsábel do Sector do Viño do SLG

Vexamos cun exemplo real as obrigas para traballar no sector do viño. Poñamos por caso unha pequena adega en calquera das denominacións de orixe galegas, cunha produción media anual dunhas 10.000 botellas, dúas hectáreas de viñado en produción e unha persoa de alta como traballadora. Imos centrarnos só nos libros e rexistros que terás a obriga de levar e cubrir para que a túa actividade sexa legal, un traballo que che quedará por facer despois de traballar na viña e na adega, atender pedidos, repartir, facer labores de promoción, asistir a feiras e, por suposto, vivir.

■ Libros e rexistros para a Consellaría de Sanidade

- ✓ **APPCC (Análises de Perigos e Puntos de Control de Puntos Críticos).** Nese plan que ten que crear para a túa adega un técnico, vas encontrar entre outras moitas cousas unha serie de rexistros que vas ter que cubrir, mesmo algún cada día: rexistro de vixilancia do plan de limpeza e desinfección (cada vez que limpes algo), rexistros de incidencias, ficha de control de cloro residual (semanal), rexistro de control de desratización (mensual), rexistro de verificación das operacións anteriores (mensual).

- ✓ **Libro de movementos internos na adega:** trasfegas, embotellados, filtrados...

- ✓ **Arquivador de fornecedores:** rollas, botellas, etiquetas, produtos de limpeza, etc.

■ Rexistros e declaracións obrigatorias para a Consellaría de Medio Rural

- ✓ Libro de rexistro de entradas e saídas.
- ✓ Libro de rexistro de movementos de produtos para procesos enolóxicos.
- ✓ Libro de rexistro de embotellados.
- ✓ Libro de rexistro de practicas enolóxicas.
- ✓ Libro de rexistro de produtos fitosanita-



rios utilizados na actividade agraria.

- ✓ Declaración de colleita ante o FOGGA.

- ✓ Comunicación da eliminación de subprodutos na transformación vinícola para o FOGGA.

■ Axencia Tributaria

- ✓ Declaración trimestral de alcohois modelo 553 por vía telemática.

- ✓ Sistema de contabilidade e apuntamentos varios en formato papel ou electrónico.

■ AICA (Axencia de Información e Control Alimentario, Ministerio de Agricultura)

- ✓ Declaración bianual de produción e venda de viño por vía telemática.

■ Consellos Reguladores (analizamos o caso da D.O. Ribeiro)

Non contentos con todo o anterior e dado que o Consello Regulador do Ribeiro acaba de certificarse pola **Entidade Nacional de Acreditación (ENAC)**, e as adegas tamén teñen que certificarse por ENAC, obríganlas a levar

un complicado sistema de trazabilidade que, por resumilo dun xeito sinxelo, vale para xustificar en papeis o que é inxustificable, sobre todo no tocante á procedencia da uva que entra nas adegas. Falando en prata: con isto as adegas que traen uvas de fóra da D.O. Ribeiro poden branquealas. A maiores, tamén vale para outras cousas, pero esas cousas xa se cubrían antes polo propio consello regulador e polo resto de administracións públicas e de rango superior.

O **Manual de Calidade** da D.O. Ribeiro, que teñen obriga de levar todas as adegas, consta dos seguintes rexistros: Rexistro de tipo de viños que elabora a adega; rexistro de litros que ten a adega, a granel, embotellado, con precinto e sen precinto; libro de rexistro da última numeración de precintos de garantía utilizada.

Ademais, están os **rexistros obrigatorios durante a vendima**: Rexistro e comunicación diaria vía telemática en folla Excell das pesadas feitas no día; comunicación individual das pesadas clasificadas por variedades; rexistro do peso das uvas obtidas nas diferentes parcelas da adega ou mercadas a fornecedores; rexistro e comunicación do número de prensadas; rexistro dos rendementos de uva nas diferentes parcelas; rexistro de incidencias de vendima; comunicación do día que se comenza a vendima; comunicación de cando finaliza a vendima; comunicación diaria por vía telemática do lugar de vendima no que se atopará a adega ao día seguinte; arquivador de rexistro de análises fisicoquímicas dos viños; arquivador de rexistro de análises organolépticas dos viños; libro de rexistro de movementos internos; sistema documental de reclamacións; rexistro de comunicación de embotellados; rexistro de comunicación de solicitude de mostras, etcétera, etcétera.

No CR do Ribeiro penalizan as castes de uva autóctonas

Aínda que con toda a papelame da anterior páxina non chegamos nin á metade, xa abunda. Pensarás que, polo menos, todo este esforzo burocrático ten un premio: garantir a procedencia e calidade dos nosos viños. Pois é mentira. E das gordas. Se levas ben todo isto, só garantes que cobres ben os papeis. Aquí, nin se pode garantir a procedencia da uva, nin moito menos a súa calidade.

Un bo exemplo témolo na vendima 2019, cando o Consello Regulador do Ribeiro non puxo vedores na maioría das grandes adegas. Durante o proceso de pesado das uvas que traían os fornecedores, ninguén facía a medición de grao alcohólico, nin supervisaba o aspecto e caste de uva entregada (cómpre lembrar que toda aquela uva con menos de 9º de alcohol non é apta para a elaboración de viño, por lei).

“Pero isto a min non me importa”, dirás ti, coa inocencia e a ilusión do que comeza cun proxecto nunha das zonas vitícolas máis antigas do mundo. “Eu vou facer as cousas moi ben porque creo nesta terra, na súa sabedoría, nas grandes variedades de uvas autóctonas que se cultivan aquí dende hai centos de anos e que, con moito esforzo, se foron recuperando dende a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega) para que todos e todas as cultivemos e fagamos viños singulares cun grande valor engadido”.

Pois amiga ou amigo, e isto que che vou dicir é totalmente certo: o Consello Regulador do Ribeiro penaliza aquelas adegas, grandes, pequenas, colleiteiras, que elaboran viño con variedades autóctonas. Tal e como cho digo. O precinto de garantía que se lle vende ás adegas para etiquetar as botellas e distinguir o viño do Ribeiro é único no seu formato. Se ti na túa adega fas viño con Palomino Jerez ou Garnacha Tintorera, variedades que non son galegas e se implantaron nos anos 1940-50, o teu precinto de garantía custa 0,05432 céntimos de euro; pero se ti nas túas viña traballas con Treixadura, Godello, Caíño Longo, Caíño Redondo, Brancellao, Lado, Ferrol, Caíño Bravo, etc, o precinto de garantía para etiquetar a túa botella de viño do Ribeiro feito con castes autóctonas custa 0,06732 céntimos. E estamos a falar de precintos que non se distinguen un do outro e que non fan ningún tipo de mención ás castes empregadas.

Conclusión: o Consello Regulador do Ribeiro penaliza o cultivo de variedades autóctonas. Visto o visto, sería interesante que alguén da Consellaría do Medio Rural nos explicase por que un consello regulador galego fai promoción de variedades de uva foráneas e discrimina as castes propias.

E con estes exemplos, querido viticultor ou querida viticultora que te ves con toda a ilusión do mundo para poñer en marcha unha pequena adega, apostando polas castes de uvas autóctonas para elaborar un viño único e de calidade nas túas viñas, ánimo e tira para adiante, pero non agardes nada de quen se supón que che debería prestar apoio. E, en todo caso, se a cousa non vai como agardabas, sempre podes opoñer.



Unha trintena de persoas asistiu ao curso de viticultura rexenerativa en Ribadavia

FORMACIÓN ▶ Contamos co maxisterio de Nacho Simón, especialista na materia de prestixio internacional

O SLG incorpora á súa oferta formativa a novidade da viticultura rexenerativa

Tamén se colaborou na organización dun curso de apócemas para horta dentro da nosa inequívoca aposta pola agroecoloxía

Co remate de 2019, a actividade formativa do SLG non só non cesou, senón que gañou en intensidade. Novembro arrincou cun curso de *“Transformación e conservación de produtos da terra”*, organizado por Terras de Valcarce, que tivo lugar na casa reitoral de Dordaña durante todo o mes até o 5 de decembro. Ao día seguinte de comezar este, o 8 de novembro, desenvolveuse durante unha fin de semana o curso *“Agricultura rexenerativa no viñado”*, unha novidade en Galicia onde até agora non houbera ningunha actividade formativa desta técnica agraria aplicada a viticultura. Para levalo a cabo, contamos cun especialista na materia de renome internacional: Nacho Simón.

A defensa do monte veciñal que promove a Asociación Frouma plasouse en tres novas xornadas baixo o título *“Territorios en común: casas con fume, montes sen lume”* en Ordes, o 28 de novembro; Curtis, o 4 de decembro; e To-

ques, o 18 de decembro. A formación relacionada co sector forestal completouse cun curso de silvicultura na Estrada do 11 ao 14 de novembro.

Unha vez máis, contamos co mestre e afinador queixeiro José Luís Martín para levar a cabo outro curso sobre **transformación de produtos lácteos** e, en especial, sobre elaboración de queixos, que acolleu o local social da Gándara, en Oroso, do 18 ao 22 de novembro, organizado pola Asociación Terras de Valcarce.

Outra novidade formativa que estreamos en decembro foi un *“Curso de apócemas para horta ecolóxica”*, organizado pola Asociación Herbamoura e para o que o local nacional do SLG cedeu as súas instalacións do 2 ao 4 de decembro. As aulas foron impartidas por Lucía Ferreira, que falou de preparados; Andrés Castro Ramos, que ensinou a coidar o solo; e por Bernardo Estévez, que explicou como facer preparados hidroalcohólicos e sufocálicos.

Finalmente, o 17 de decembro, o SLG cedeu o seu local en Ordes á Asociación Terras de Valcarce para realizar unha xornada sobre **xestión de pastos** na que tamén se contou co técnico Andrés Castro.

LEITE ▶ A nosa terra está moi lonxe do valor medio en España, que chegou aos 34 céntimos en novembro, ou dos 35'31 céntimos da Unión Europea en decembro

Galiza segue co prezo do leite máis baixo do Estado, a única que non chega a 0'33€

Industrias como Lactalis tentan impoñer contratos para bloquear o prezo base en 29,5 céntimos durante a seguinte campaña

O último informe do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) sobre o leite, publicado en xaneiro, revelounos os datos referentes a novembro de 2019, polo que xa podemos avaliar como foi lle foi este ano ao sector lácteo galego. E a conclusión é que foi de mal en peor.

Aínda que o prezo medio na Galiza aumentou dende xaneiro a novembro en case un céntimo (de 31'7 céntimos a 32'6), a nosa terra segue a ser a comunidade de España na que menos se paga o leite e a única cuxo valor segue por baixo dos 33 céntimos, lonxe da media estatal en novembro, que chegou aos 34 céntimos.

Cos datos do Milk Market Observatory na man, 2019 rematou cun prezo medio na Unión Europea superior aos 35 céntimos por litro, valores semellantes ao dalgunhas das principais comunidades produtoras do noso entorno, como Castela e León (34'2 céntimos) ou Asturias (35'7 céntimos).

A tendencia do prezo do leite na Unión Europea mantívose á alza durante os últimos seis meses, pasándose dos 33'42 céntimos en xuño aos 35'31 de decembro. Esa tendencia tamén se deu no Estado Español. Por iso, non se entende que Lactalis-Puleva, a industria de orixe francesa que máis volume de leite procesa na Galiza, estea a ofrecer contratos anuais ás granxas que a fornecen que bloquearían esta tendencia á alza na Galiza na seguinte campaña, dende marzo de 2020 a febreiro de 2021.

O prezo base que propón Lactalis é de 29,5 céntimos, cunha suba de medio céntimo con respecto aos contratos do ano pasado, tal e como desvelou Campo Galego.

O xornal dixital comenta que *"a proposta de Lactalis é o primeiro contrato que chega ao campo para 2020. Dado que a multinacional gala é a industria con maior volume de recollida en Galiza, con arredor dun 20% do leite, os seus pasos adoitan ser imitados polo resto das industrias. O bloqueo de prezos que tenta Lactalis está por tanto a xerar malestar non só entre as granxas fornecedoras da multinacional, senón en todo o sector"*.



Lactalis bloquea o prezo na Galiza pero aumentao un 7'5% en Francia


O peor desta nova é o agravio comparativo de Lactalis para coas granxas galegas, xa que esta mesma multinacional vén de pactar en Francia unha suba do 7'5% no prezo do leite, pasando dos 33 céntimos pactados a comezos de 2019 a 35'5 céntimos agora. Neste caso, hai que destacar que o Goberno francés mediu nas negociacións, xa que no país veciño existe a figura do mediador nas relacións comerciais agrícolas, algo que non acontece en España. O acordo francés tivo en conta tanto a situación de custos de produción das granxas coma os prezos de venda de Lactalis á distribución. Pola contra, aquí segue prohibíndose calquera tipo de negociación de prezos e, en caso de producirse, acaba sendo denunciada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia; e, dende que o Partido Popular recuperou o goberno da Xunta, deixáronse de celebrar as mesas do leite onde se levaban a cabo este tipo de negociacións na nosa terra.

A couza guatemalteca esténdese a tres parroquias da Laracha e Carballo

O 5 de decembro, o DOG publicaba unha resolución pola que se ampliaban as zonas demarcadas pola presenza da couza guatemalteca (*Tecia solanivora Polvony*). En concreto, declaráronse zonas infestadas por esta praga da pataca as parroquias de Lendo e Caión, no concello da Laracha, e Noicela, no termo municipal de Carballo. Quedaron como zonas tampón as parroquias carballe-

sas de Lema, Rebordelos e Vilela; en Arteixo, Sorrizo e Monteagudo; e, na Laracha, Lemaio, Cabovilaño e Torás.

Ao peche deste Fouce, a Xunta anunciaba que acordara, co Ministerio de Agricultura, o levantamento da prohibición de plantar pataca en nove concellos: Ourel, Abadín, Ares, Mugardos, Cabanas, Fene, Ferrol, A Capela e As Pontes de García Rodríguez.



PAC ▶ A Consellaría dá marcha atrás na súa intención de non prorrogar estas axudas tralas denuncias do SLG

Medio Rural manterá as agroambientais pero recortará o asesoramento

A Xunta só se compromete a convocarlas de novo en 2020, pero non garante a súa continuidade a partir do ano 2021

Tralas denuncias feitas públicas polo Sindicato Labrego Galego ao longo do outono sobre unha posible supresión das axudas agroambientais, e tras levar esta cuestión ao Consello Agrario Galego e ao Comité de Seguimento do PDR, a Consellaría de Medio Rural decidiu dar marcha atrás e manterá esta liña de subvencións cando menos neste 2020.

En efecto, na xuntanza do Comité de Seguimento do PDR 2014-2020 decidiuse prorrogar un ano máis as axudas de agroambiente e clima e de agricultura ecolóxica. En concreto, a liña de agroambiente e clima terá unha dotación orzamentaria adicional de 23'1 millóns de euros, cofinanciados con fondos Feader. Para agricultura ecolóxica, destinaranse 1'5 millóns.

A maiores, Medio Rural tamén se comprometeu a manter os orzamentos das axudas para

zonas con limitacións naturais, pero cunha redución de fondos, algo habitual até agora. Aínda que a lexislación comunitaria permite que as axudas para zonas con limitacións naturais cheguen aos 450 euros por hectárea en montaña e 250 euros por hectárea noutras zonas desfavorecidas, en 2018 a Xunta só deu 124 e 58 euros por hectárea, respectivamente, para o mesmo fin.

O SLG alegou contra a proposta de suprimir os apoios ao aconsellamento

A pesares da prórroga, Medio Rural baralla eliminar os apoios ao asesoramento técnico, que é obrigatorio para todas as ganderías que se acoñecen ás axudas agroambientais, polo que se, finalmente o fai, as granxas beneficiarias terán que pagar con cartos propios os servizos de aconsellamento. O SLG xa alegou contra estas intencións. *“Eliminar o asesoramento é unha medida contraria que non entendemos”,* criticou Isabel Vilalba. *“O noso modelo de apoio ao sector pasaría por servizos públicos de calidade, pero xa que se desmantelaron as oficinas agrarias comarcais e se optou por apoiar un programa de asesoramento técnico, non ten sentido que se convoquen axudas un ano para entidades de aconsellamento e que*



O Comité de Seguimento do PDR Galicia reuniuse en Boqueixón en novembro

Dende o Sindicato Labrego Galego, opuxémonos a esta redución de fondos. “Estamos en contra de que se reduzan os apoios para zonas con limitacións naturais, ben de montaña,

ben zonas desfavorecidas”, explicou a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, “pois hai que compensar ás persoas que manteñen o tecido social e económico nestes lugares”.

despois se supriman”.

As últimas novidades que tivemos ao respecto, ao peche deste Fouce, é que Medio Rural ao final podería destinar unha partida orzamentaria bastante reducida para aconsellamento. En calquera caso, dende o Sindicato Labrego Galego seguimos reclamando un asesoramento público e o reforzamento das oficinas agrarias comarcais con recursos humanos e materiais suficientes para cumprir a súa función.

Respecto á posibilidade de que a Consellaría de Medio Rural manteña estas axudas en 2021 e 2022, dependerá de que Bruxelas dispoña os orzamentos necesarios para esta finalidade na nova Política Agraria Común.

Daqui Darredor inaugura en Brión unha cociña colaborativa

O 13 de decembro inaugurouse en Brión o espazo colaborativo para a transformación de alimentos promovido por Daqui Darredor, co apoio da Deputación da Coruña e do Concello. Deste proxecto faláronnos Pilar García, Dora Vieiro e Carme Freire no III Foro Labrego de Agroecoloxía (ver Fouce 322).

As instalacións agora inauguradas contan coa maquinaria

propia dunha cociña industrial (lavalouzas, vertedoiro, conxeladores, refrixerador, forno mixto eléctrico, forno de convección e vapor mixto, cociña a gas, fritadeira de indución, robot de cociña, etc.), pero tamén con outras máis específicas orientadas á transformación de produtos agrarios como unha pasteurizadora eléctrica, dúas maceradoras, lavacentrífuga para verdu-



ras, unha envasadora ao baleiro profesional, un muíño con prensa e elevador inclinado para

zumos, coador automático, marmita de gas de quecemento indirecto, etc.

MINARÍA ▶ Unha delegación de Contraminación puxo o problema en mans da Comisión de Peticións en novembro

A loita contra a mina de Touro busca amparo no Parlamento Europeo

A intención foi a de poñer en marcha unha visita de investigación comunitaria para investigar o impacto na actividade mineira

A mediados de novembro, unha comitiva de organizacións galegas que forman parte de Contraminación, como Mina Touro O Pino Non, Cova Crea ou Petón de Lobo, viaxou ao Parlamento Europeo invitada polo grupo Verdes-Alianza Libre Europea para denunciar o impacto da actividade mineira de Cobre San Rafael en Touro e O Pino e do proxecto de Atalaya Mining.

A xornada comezou pola mañá cunha reunión con Tatjana Zdanoka, vicepresidenta da Comisión de Peticións e con representantes dos distintos grupos políticos da Eurocámara, que escoitaron as reivindicacións a preocupación pola situación actual da minería en Galiza.

Pola tarde foi a quenda para a defensa das tres peticións sobre a mina de Touro, presentadas por Cova Crea, Petón do Lobo e Plataforma Veciñal Mina Touro O Pino Non.

A intención das denuncias foi que a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo avalíe a posibilidade de organizar unha



A comitiva contra a minaría na súa chegada á sede do Parlamento Europeo

Fact Finding Visit ou visita de investigación a Galiza, para poder inspeccionar in situ o abandono

de funcións da Xunta e demais autoridades competentes neste tema.

Contraminación viaxa a Portugal para coñecer in situ o impacto da minaría de litio

A nosa compañeira Margarida Prieto Ledo, que coordina a loita contra a minaría no Sindicato Labrego Galego, e Xoán Doldán, vicepresidente de Véspera de Nada, viaxaron en representación da plataforma Contraminación até Covas do Barroso (Boticas) e Morgade (Montalegre), en Portugal, o 7 de decembro, convidados pola Associação de Defesa do Património (Corema), onde coñeceron os efectos das prospeccións mineiras e compartiron información e estratexias coas comunidades que están a loitar contra a minaría de litio.



Doldán e Prieto, a ambos extremos da pancarta, foron o e a representante de Contraminación na viaxe a Portugal

O Comité Coordinador prepara a asemblea xeral da ECVC

A nosa compañeira Sonia Vidal Lamas estivo en Bagnolet (Francia), durante a semana do 2 de decembro, para participar na xuntanza do Comité Coordinador da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), do que forma parte. Un dos temas sobre os que traballaron foi o dos tratados de libre comercio, facendo especial fincapé no da Unión Europea con Marrocos e o impacto que está a causar nas nosas producións hortícolas a competencia desleal do país veciño. Para realizar esta análise contaron co apoio

técnico dun equipo de xuristas da Confédération Paysanne, que era a organización anfitroia.

Outras cuestións sobre as que traballaron foron a preparación do encontro sobre comercio da ECVC previsto para este ano 2020 en Coimbra, a vindeira asemblea xeral da organización ou as mobilizacións labregas que estaban a acontecer daquela en Alemaña e Francia. Respecto destas últimas, a pesares de que foron moi mediáticas, sábese que tras delas se atopaban as grandes industrias que utilizaron a labregos e





O Comité Coordinador da ECVC mantivo un encontro de traballo durante a semana do 2 de decembro en Bagnolet (Francia) acollido pola Confédération Paysanne

labregas como peóns nunha partida de xadrez na que o que

se defendía era o propio sistema capitalista e o seu negocio.

IV FORO LABREGO DE AGROECOLOXÍA DE AGROECOLOXÍA



Suplemento especial

Os días 16 e 17 de novembro, celebrouse o IV Foro Labrego de Agroecoloxía no Convento Franciscano de Herbón, en Padrón (A Coruña). Baixo o título “Emerxencia alimentaria, soberanía climática”, desta vez todos os contidos estiveron centrados na crise de emerxencia climática que estamos a vivir. Durante eses dous días, puidemos escoitar e conversar con algunhas das voces máis autorizadas na Galiza nesta cuestión.

Ao pouco, Madrid acollía un novo Cumio sobre o Clima (COP 25) do 2 ao 15 de decembro que, como adoita a acontecer, tivo tamén o seu contracumio de carácter social onde nos demos cita activistas e organizacións de todo o mundo. Precisamente, as imaxes que ilustran a dereita desta portada foron tomadas nese contexto: arriba, representantes do Sindicato Labrego Galego na manifestación polo clima en Madrid o 9 de decembro; abaixo, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, coa delegación de La Vía Campesina.

De seguido, da páxina 9 á 16, compartimos con vós un resumo das principais intervencións que tivemos no Foro de Agroecoloxía, a maioría delas centradas en como impacta e impactará o quecemento global do planeta en Galiza ou nos diversos sectores agrogandeiros, nas accións e estratexias a seguir neste contexto ou as diversas políticas que se están a aplicar en todos os ámbitos, dende o local até o europeo.

Como afecta o cambio climático

A primeira palestra do IV Foro Labrego de Agroecoloxía serviu como unha inmejorable introdución á crise climática a través das voces da secretaria xeral do SLG, **Isabel Vilalba**, que centrou a súa intervención na agricultura; o profesor de Educación Ambiental da USC, **Pablo Meira**, que analizou o coñecemento e impacto que teñen as cuestións relacionadas co quecemento global na sociedade; e, finalmente, **Xosé Veiras**, biólogo e activista climático que centrou a súa exposición en analizar o impacto da suba de temperaturas na Galiza.

A secretaria xeral do SLG afirmou que nos atopamos nunha encrucillada na que, diante da crise de emerxencia climática debemos considerar como imos abordala: continuando co actual sistema fascista e depredador de recursos que está a condenar á maior parte da humanidade a unha situación de pobreza extrema; ou mudando cara a un sistema baseado na xustiza social e no respecto polo equilibrio medioambiental do planeta.

Isabel Vilalba amosouse desconfiada diante das solucións que se están a propor como a captura de carbono en sumidoiros, que podería facer perigar a pouca terra agraria que queda en Galiza por fomentar o cultivo de eucaliptos; ou a denominada “agricultura climaticamente intelixente”, que se basea na venda de insumos e paquetes tecnolóxicos por parte da industria que nos farán aínda máis dependentes na produción de alimentos.

No eido agrario, a pesar de ter asinado os Acordos de París, España non só non reduciu as súas emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI), senón que as incrementou nun 2'9% dende aquela (nesa media, os GEI causados pola aplicación de fertilizantes aumentaron un 9%).

Porén, ningún cuestionou o modelo de fertilización, nin defendeu alternativas como a agroecoloxía, nin se fiscalizou o impacto dos grandes cebadeiros de gando intensivos. De feito, seguen a subvencionarse este tipo de explotacións nos plans de incorporación á agricultura por parte das diversas administracións, como as granxas de porcino na Limia ou en Rodeiro que traballan para Coren. “O último despropósito foi darlle a licenza



medioambiental á granxa de Noviercas, na que prevén explotar máis de 23.000 vacas”, criticou Vilalba, “e, sen cuestionar o actual modelo agroalimentario, na Galiza pretenden construír agora cinco grandes plantas para procesar os zurros da gandería. Non lembran que no Estado Español

chegou a haber 28 plantas instaladas coma estas e acabaron pechando 27 porque non se sosteñen sen as subvencións públicas para custear o seu alto consumo eléctrico”.

Fronte ás falsas medidas do “capitalismo verde”, que empeorarán o problema en vez de solu-

cionalo, Vilalba avogou pola agroecoloxía, xa que, segundo estudos facilitados por Ecoloxistas en Acción aínda inéditos, a agricultura ecolóxica consume un 50% menos de enerxía cá convencional e produce entre un 46 e un 66% menos de emisións de gases con efecto invernadoiro.

A irrupción do fascismo

Pola súa banda, Pablo Meira, do Grupo SEPA da Universidade de Santiago de Compostela, falou dos acordos que se levan realizado sobre cambio climático do mundo e a percepción que ten deste problema a sociedade. Meira explicou que xa levamos 50 anos falando deste problema, xa que as primeiras revelacións e debates públicos aconteceron na década dos sesenta do século pasado. Agora mesmo, temos unha ferramenta global para loitar contra o quecemento global: o Acordo de París, cuxo obxectivo é facer que a temperatura do planeta só suba entre 1º e 2ºC de aquí a 2100. O problema é que se trata dun acordo que non compromete a nada e que non obriga a accións concretas.

Actualmente, emitimos entre 42 e 43 xigatoneladas de CO₂ ao ano. O Grupo Intergubernamental de Expertos sobre Cambio Climático (IPCC) di que se queremos chegar a finais de século con emisións cero netas (é dicir, emitir o mesmo CO₂ que son quen de capturar e reter os sumidoiros naturais de carbono), en 2030 deberíamos emitir a metade do CO₂ que producimos agora. E en 2050 poderíamos emitir só unhas 5 xigatoneladas de CO₂ para acadar o cero neto a finais de século. Cumprindo isto, que ao ritmo que imos é imposible, teríamos entre o 50 e o 60% de posibilidades de que a temperatura só suba 1'5º C. Para demostrar que non estamos a facer o necesario para camiñar nesta dirección, en maio de 2018 batemos

ás producións labregas?

Para falarnos do impacto que terá a crise climática na Galiza, contamos co biólogo e ecologista Xosé Veiras que, entre varios, expuxo os datos dun estudo de Meteogalicia que realizou unha proxección comparando o clima do período 1971-2000 co de 2061-2090. O escenario máis probable contempla un aumento de 2º-3º a temperatura nas zonas costeiras e entre 3º-4º na Galiza interior. En canto ás precipitacións, diminuírían entre un 5-10% na costa e entre o 10-15% no interior. Se miramos esta variación de maneira estacional, podería haber unha redución das precipitacións superior ao 35% no verán.



Así impactará o quecemento global na Galiza

A Estratexia Galega de Cambio Climático, promovida pola propia Xunta de Galicia, di que “*pode chegar a desestabilizar o sector agrogandeiro e forestal galego*”. Cales serían os impactos concretos?

- ✓ O aumento das temperaturas provocará unha **perda de materia orgánica nos solos**, xa que se incrementará a actividade microbiana e a descomposición, diminuíndo os niveis de carbono orgánico, moi necesario para a fertilidade e retención da auga no solo.
- ✓ Con menos choiva e máis evaporación, aumentará a transpiración das plantas e haberá **menos dispoñibilidade de auga**, sobre todo no verán.
- ✓ Teremos **maiores danos por fenómenos meteorolóxicos extremos**: secas, vagas de calor, xeadas, sarabias, enchentes...

- ✓ **Variarán as zonas de produción de cultivos**. Por exemplo, na vide, ampliarase a área de produción, pero reducirase a de castiñeiro e millo. Tamén variarán os ciclos, alterándose as épocas de floración, maduración dos froitos, etc.
- ✓ **Cambios na distribución e aumento da virulencia de pragas e enfermidades**.
- ✓ **Maior incidencia da contaminación por ozono troposférico** (ozono malo das capas baixas da atmosfera de carácter contaminante que acada niveis nocivos para a saúde humana e das plantas e animais en primavera e verán e incide negativamente sobre a produtividade dos cultivos). En Galiza, a incidencia é baixa en comparación co resto da Península Ibérica, agás no sur. Se cambia o clima, aumentará.

na emerxencia climática

o récord dos últimos 15 millóns de anos de presenza de CO₂ na atmosfera, acadando 414 partes por millón (o ideal sería baixar a 380 partes por millón). De non cumprirse a folla de ruta do Acordo de París, a previsión é que a temperatura da Terra suba entre 4º e 5º C, o que faría evolucionar o mundo cara a unha realidade descoñecida en todas as latitudes do planeta.

✓ Ideoloxía e relixión enzoufan o debate

E que opina a xente disto? O último estudo do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS) respecto desta cuestión, de novembro de 2018, di que o 83% das persoas enquisadas cre no cambio climático, pero un 10% non cre. Da xente que cre

no cambio climático, 4 de cada 10 pensan que a ciencia aínda non o ten claro, o cal indica que non teñen seguridade na súa posición, que é máis ben unha opinión ou unha crenza. As enquisas en Estados Unidos demostran que a crenza no cambio climático está moi mediatizada pola ideoloxía ou pola relixión. Isto aplicado en España, lévanos a Vox. Vox pode facer que unha porcentaxe importante dos seus votantes acaben sendo escépticos ao cambio climático por facer deste tema unha cuestión de identidade política. E ese é un problema engadido que temos, xa que, até agora, non había ningunha opción política relevante en España que tivese o negacionismo climático por bandeira.

E a actividade labrega ao cambio climático?

Veiras tamén analizou o impacto dos sectores agrarios como causantes do cambio climático. As emisións de GEI da gandería na Galiza non mudaron moito nos últimos anos: en 1990 eran de 3.400.000 toneladas, mentres que en 2017 foron de 3.800.000.

Máis de 2 millóns de toneladas débense á **fermentación entérica** (procesos dixestivos do gando que emite metano, principalmente ruminantes e, no caso galego, as vacas). Os porcos están nunha posición intermedia e as aves emiten moi pouco.

Tamén ten parte de culpa a **xestión do esterco** e dos solos agrícolas, que emiten metano e óxido nítrico: 1.800.000 toneladas. Unha parte vén da gandería, cando se fertilizan os campos con xurros, pero tamén dos fertilizantes químicos nitroxenados.

A **maquinaria agrícola** produce 1 millón de toneladas de CO₂ pola queima de carburantes.

En total, **o sector agrario galego provoca cada ano preto de 5 millóns de toneladas de GEI**. Isto supón a sexta parte das emisións totais da Galiza, que son de 30 millóns de toneladas.

En canto á pegada de carbono dos e das habitantes de Galiza, é de 11 toneladas por persoa (datos de 2010), unha posición intermedia na UE. Nesa pegada de carbono, a alimentación ten un peso importante: o 23%, sobre todo debido aos alimentos de orixe animal (a media europea é do 17%). Esta pegada ten moito que ver co proceso de especialización e industrialización que experimentou a actividade gandeira na Galiza nas últimas décadas e coa ganderización da nosa dieta.

A segunda palestra do Foro deu voz a labregos e labregas que xa están a desenvolver prácticas agronómicas de resiliencia e adaptación ao cambio climático, dende as técnicas da agricultura rexenerativa ao emprego de tracción animal, pasando pola recompilación e conservación de sementes autóctonas.

Alternativas labregas en marcha para loitar contra o cambio climático



SANTI RODRÍGUEZ CID ▶
Labrego de Cartelle e membro de Agatran

Santi Rodríguez, ademais de labrego, é membro da Asociación Galega de Tracción Animal (Agatran). *“É obvio que a tracción animal é importante nun contexto de crise climática, xa que supón a utilización de máquinas sen emisións, coa vantaxe de que os animais se adaptan a tipos de terreo onde outra maquinaria agrícola non chega”*. A maiores, a utilización de animais ten outros beneficios, como a roza e limpeza de terreos.

Rodríguez Cid destacou como evolucionou a tracción animal, baseándose hoxe en día en factores como o benestar animal e mesmo utilizando o apoio de pequenos motores auxiliares que potencian as posibilidades de traballo.

A tracción animal é unha alternativa viable en sectores como a horticoltura, o forestal ou a viticultura, especialmente en estruturas da terra minifundistas como a galega, pola súa precisión e capacidade de traballo en espazos reducidos ou de difícil acceso. Así e todo, segue sen estar na axenda política. Dende Agatran defenden, por exemplo, a necesidade de incluír a tracción animal nas subvencións a maquinaria agrícola como forma de loitar contra o cambio climático.



ALEJANDRA GONZÁLEZ ▶
Enxeñeira agrícola experta en agricultura rexenerativa

O primeiro que fixo Alejandra foi aclarar que non toda agricultura contribúe ao cambio climático. Aquela que se fai a escala industrial en base a agrotóxicos si que o fai e *“está a destruír o medio máis importante que temos para vivir que é o solo. A escala global, estamos a perder cada cinco segundos unha superficie de terra fértil equivalente a un campo de fútbol. Isto débese á mecanización, técnicas culturais con agroquímicos e á gandería intensiva, con grandes deforestacións e monocultivos”*.

Outra das causas de perda de solo fértil é a urbanización nun planeta no que, en 2050, o 70% da poboación mundial vivirá en grandes cidades.

Alejandra explicou a importancia da microbioloxía, da materia orgánica e dos minerais que compoñen o solo e que son destruídas polas prácticas agrícolas intensivas. De feito, a FAO subliña a desmineralización e perda de fertilidade dos solos como un dos maiores problemas aos que nos enfrontaremos. *“Pensamos que o coidado dos solos ou a tracción animal non son unha necesidade urxente, pero non tardarán en selo e aquelas granxas que non estean preparadas non poderán sobrevivir”*.



BELÉN FERVENZA ▶
Labrega ecolóxica e membro da Rede Galega de Sementes

Belén Fervenza reflexionou sobre a pouca conciencia que a sociedade ten sobre a alimentación e a perda de control sobre a mesma. Se a isto lle engadimos o impacto do cambio climático, o risco de que unhas poucas empresas controlen a agricultura dende as sementes até a produción final é moi alto.

Neste senso, destacou o labor que ten feito a Rede Galega de Sementes na recuperación non só de variedades locais, senón tamén na transmisión de saberes e coñecementos para a conservación e reprodución ou á hora de tecer redes de intercambio. Mais a falta de apoios está facendo que se acuse a falta de relevo e a perda dunha cultura labrega que nos dá capacidade de resiliencia e adaptación diante dos cambios.

“O que máis me preocupa é a falta de cultura labrega que temos. E iso implica que cando nos fallen as sementes se faga patente o cambio climático, con problemas serios en aspectos clave como a polinización, non imos poder controlar a nosa alimentación. E entón volveremos depender da industria que nos venderá o seu paquete tecnolóxico adaptado ao cambio climático”.



ANTONIO CARRAL ▶
Gandeiro autosuficiente con prácticas rexenerativas


Antonio comezou coa súa granxa de leite en 1994. *“En cinco anos, chegamos a ter 70 vacas reprodutoras, até que en 2001 nos decatamos que traballabamos cada vez máis, pero tendo cada vez menos ingresos e máis problemas. As terras e as vacas facíanse menos produtivas cada vez e éranos máis difícil saír adiante”*.

En 2002, dá unha viraxe, facendo a transición a ecolóxico coa intención de ser autosuficiente. Nese camiño, hai oito anos descubriu a agricultura rexenerativa que se adaptaba a esa *“gandería sen insumos e respectuosa co medio ambiente”* que buscaba. Como fai?

1. Non laborea a terra para non matar microorganismos.
2. Só merca sementes locais e deixan que naza o que brote da terra.
3. Eliminou o penso, non dá hormonas, non desparasita e só administra antibióticos como último recurso.
4. Non fai xurros. Fan masa coa bosta e os ouriños do gando eliminando totalmente a auga, deixan repousar durante mes e medio para multiplicar os microorganismos e con iso estercean as praderías. Resultados? A produción de herba aumentoulle un 50% con respecto a hai catro anos.

A primeira xornada do Foro rematou cunha palestra na que Javier Alonso, Begoña de Bernardo e Lidia Senra analizaron as políticas públicas de loita contra o cambio climático dende o caso galego até o europeo, pasando polo estatal. En calquera das análises feitas, as conclusións son desalentadoras.

As políticas públicas son favorables á loita contra o cambio climático?



JAVIER ALONSO ▶ Responsábel de Medio Ambiente en COAG

Javier Alonso debullou o complicado labirinto normativo que regula a loita contra o cambio climático no Estado. E, para iso, comezou cos compromisos internacionais dos que emanan. O fundamental é a COP, da que se vén de celebrar en España a vixésimo quinta (COP 25). É a Conferencia das Partes, órgano supremo da Convención das Nacións Unidas para o Cambio Climático (CMNUCC). Créanse en 1992, no Cumio da Terra de Río de Xaneiro e a primeira (COP 1) foi en Nova York. Actualmente,

rexémonos polo Protocolo de Kyoto, vixente até 2020, cando entrará en vigor o Acordo de París asinado na COP 21 en 2015.

O Acordo de París pretende, entre outros obxectivos, reducir o aumento de temperatura a 1'5° ou 2° como máximo. En canto ás ferramentas para acadar isto, creáronse os dereitos de emisións, polo que cada estado ten un límite para contaminar, pero pode mercar dereitos a outros países. A UE quere reducir nun 43% en 2030 estas emisións.

Tamén se regularon os sectores “difusos”, menos intensivos e máis difíciles de cuantificar, onde se inclúe a agricultura. Supoñen o 60% das emisións da UE e queren reducilas nun 27% en 2030. No caso español, asumiuse:

1. Reducir as emisións como mínimo nun 40% para 2030.
2. Que as enerxías renovábeis ocupen un 35% do total do consumo enerxético.
3. Redución dun 27% dos gases con efecto invernadoiro no sector agrario.



BEGOÑA DE BERNARDO ▶ Presidenta de Véspera de Nada

Begoña de Bernardo resumiu a súa intervención ao comezo cunha cita de Jorge Riechman: “O cambio climático é o síntoma. A doenza chámase capitalismo”, e afondou no caso galego, onde existe a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 (EGCCE).

A EGCCE comezou a elaborarse en outubro de 2017 a partir dunha convocatoria á sociedade civil. Máis de 200 persoas de todos os sectores, dende colectivos sociais a industrias enerxéticas. Rematouse en ou-

tubro de 2019, “pero houbo un erro de vulto: pensar que imos poder solucionar un problema como o cambio climático dentro do mesmo paradigma económico que o creou”. O certo é que o problema do cambio climático afóntase “como unha oportunidade de negocio, dende o tráfico de emisións ao tratamento empresarial das consecuencias do cambio. E iso é un erro”.

A EGCCE deu pé ao Plan Rexional Integrado de Enerxía e Clima 2019-2023 que é onde se plasman as medidas concretas.

Na Galiza, non será difícil reducir as emisións de gases: con pechar as dúas centrais térmicas, cumpríranse cos compromisos a medio prazo. “Pero despois fálase de pasar a enerxías limpas e renovables, mais é unha trampa pretender substituír a enerxía dos combustibles fósiles por renovables”. En definitiva, ninguén fala de que a única solución sería pasa por reducir o noso consumo enerxético “Mesmo no mellor dos mundos posibles onde toda a enerxía fose limpa, hai límites”.



LIDIA SENRA ▶ Labrega e ex-eurodeputada

Lidia Senra, que traballou durante unha lexislatura como eurodeputada, comezou a súa intervención afirmando que, en Europa, no existen políticas públicas para combater de verdade o cambio climático. “O que hai son medidas cosméticas e maquillaxe”.

Un problema que agrava esta situación é que no seo da esquerda política, que debería ser crítica con esta maneira de actuar, “segue habendo moita xente que cre que con estas medidas cosméticas imos resolver o pro-

blema sen tocar nin o modo de produción nin o nivel de vida. Pero non abonda só con reducir emisións, aínda que haxa que facelo. Hai que reducir tamén o consumo global de enerxía. Nós propuxemos reducir ese consumo nun 20% de aquí a 2030, pero non se aceptou”.

Senra tamén criticou que non se pode pretender reducir as emisións de gases con efecto invernadoiro e, ao mesmo tempo, asinar tratados internacionais de libre comercio. “Non deberíamos fomentar o comercio inter-

nacional polo alto consumo enerxético e contaminación ao transportar bens que poderías producir no teu propio entorno. Se a UE quixera realmente atallar este problema comezaría a poñerlle freo a isto”.

Os modos de produción tamén son intocables. De feito, o 50% das emisións de GEI veñen do conxunto do sistema agroalimentario. Porén, a PAC está a promover unha agricultura cada vez máis industrial e marxinando modelos ecolóxicos que poderían ser parte da solución.

A segunda xornada do Foro de Agroecoloxía comezou cunha palestra na que distintas voces analizaron os nosos patróns de consumo en temas como a roupa ou a alimentación. Aínda que o cambio climático vén causado, sobre todo, pola actividade industrial, na nosa man está frealo coa nosa cesta da compra.

O noso modelo de consumo pode frear ou contribuír ao cambio climático



NANDA COUÑAGO ▶ Activista ex-directora de Amarante Setem

Cada ano fábrícanse no mundo 11.000 millóns de prendas de roupa, cun fortísimo impacto sobre o medio ambiente e o cambio climático. De feito, o sector téxtil é o segundo máis contaminante do planeta. Por exemplo, o transporte de produtos téxtiles equivale ás emisións de CO₂ de 142 millóns de coches ao ano, e co lixo que xera poderíanse encher 3.000 estadios de fútbol.

No caso español, cada habitante consume unha media de 34 pezas de roupa e xera entre

12-14 kg de lixo téxtil por ano. En total, España xera 900.000 toneladas de lixo téxtil cada ano que remata nos vertedoiros; só se recicla entre un 5 e un 10%.

Todo isto débese á Fast Fashion (Moda Rápida): fabricación prendas baratas deseñadas para durar pouco. A produción deslocalizouse a países empobrecidos para abaratar custos en base a rebaixar as condicións laborais. Tamén se baixou a calidade para que as prendas duren menos e teñamos que mercar con máis frecuencia.

Como alternativa xorde o Slow Fashion ou Moda Lenta, que utiliza fibras téxtiles obtidas da reciclaxe ou por métodos de cultivo sostíbeis.

O problema é que as prendas fabricadas con criterios de sostibilidade ambiental e laboral teñen un prezo final moi caro con respecto ao que estamos afeitas a gastar, polo que, agora mesmo, está a ser unha opción minoritaria. A alternativa máis económica hoxe en día para rachar co Fast Fashion é recorrer a roupa de segunda man.



PATRICIA IGLESIAS ▶ Amig@s da Terra

Na actual civilización, na que o meirande da poboación do mundo vive en grandes cidades onde non se poden producir alimentos, transportalos converteuse nunha necesidade vital. Pero este modelo de alimentos quilométricos ten un impacto moi negativo no planeta: en 2011, España importou máis de 25 millóns de toneladas de alimentos, emitindo máis de 4 millóns de toneladas de CO₂ e cunha distancia media de 4.000 quilómetros. Hoxe, as cifras seguen a ser semellantes.

O grupo de alimentos que máis importamos son os cereais e as fariñas. En total, mercamos 11.364.000 toneladas que xeran 1.092.000 toneladas de CO₂ cada ano. A distancia media percorrida é 2.954 quilómetros.

O seguinte grupo de alimentos do que máis dependemos de fóra son as verduras, froitas e legumes. Importamos 3.918.000 toneladas que xeran 964.000 toneladas de CO₂ cada ano. A distancia media é 5.466 Km.

Un bo exemplo desta insensatez son os garavanzos. Impor-

tamos o 80% dos que consumimos, unhas 50.000 toneladas, que percorren unha distancia media de 7.500 Km. ao vir de países como México ou Estados Unidos. O transporte dos nosos garavanzos deixa 7.000 toneladas de CO₂ na atmosfera.

Só nos portos de España desembarcan cada semana 38.000 containers de alimentos.

A alternativa? O consumo de alimentos locais e de tempada e políticas de soberanía alimentaria que potencien a produción de alimentos da nosa terra.



DANIEL RODICIO ▶ Activista do SLG e de Auga Limpa Xa

Coa experiencia de ter traballado nun sector intensivo como o cunícola e con formación de economista, Daniel Rodicio fixo unha análise da gandería industrial, que rachou cunha tradición que viña do Neolítico a mediados do século pasado, cando cos avances sanitarios se argalla un modelo para producir animais amoreados en espazos reducidos que, en condicións normais, morrerían por enfermidades infecciosas, pero que agora saen adiante grazas a desinfectantes e antibióticos.

O problema é que este modelo ten consecuencias: o uso masivo de antibióticos xera resistencias nas bacterias que se volven máis virulentas, a carne cada vez é de peor calidade pola alimentación dos animais, factor que, á súa vez, ten un forte impacto ambiental en terceiros países.

Ademais, neste modelo os labregos e labregas convértense nunha peza máis nunha cadea de montaxe na que é unha empresa matriz a que lles proporciona pensos, medicamentos,

animais, comercialización, etc.

Outro problema é que esta gandería non xestiona o territorio. Iso si, o territorio debe acoller todos os refugallos que xera, como na Limia, onde todos os acuíferos están contaminados polas granxas que traballan para Coren, cooperativa que en 1990 facturaba 187 millóns de euros e, en 2018, 1.320 millóns de euros, o que ilustra ben a implantación deste modelo a costa de destruír os matadoiros comarcais e a gandería en simbiose co territorio.

Ampliando a anterior palestra, no Foro explicouse como afectan á temperatura do planeta os nosos consumos enerxético, tecnolóxico e de auga e, a maiores, non menos importante, como xestionar o lixo que xeramos en cantidades cada vez máis grandes co exemplo do Concello de Allariz.

O quecemento global e a xestión da enerxía, auga, tecnoloxías e lixo



IVAN RODRÍGUEZ ▶
Coordinador do SLG na Mariña e experto en aforro enerxético

O 50% do noso consumo enerxético está ligado ao vehículo particular. O 25%, á calefacción. O 8% ao uso de auga quente, o 7% aos electrodomésticos, o 6% á cociña e o 4% ao alumeado. Se queremos reducir as emisións que causamos, teremos que reducir estes consumos.

O problema é que reducir a nosa mobilidade, onde consumimos máis enerxía, non depende só de nós. Medidas como o teletraballo, concentrar horarios e calendario laboral ou utilizar transporte público, dependen das facilidades que poñan empresas e institucións. E os vehículos eléctricos tampouco son a solución, pois é imposible substituír o actual parque móbil por outro de coches eléctricos.

Respecto da calefacción, un bo illamento das nosas vivendas é a mellor opción para aforrar, xa que as instalacións de enerxías limpas como a solar son excesivamente caras para o aforro que proporcionan. Coa auga quente, poderíamos dicir outro tanto.

Finalmente, hoxe en día podemos elixir consumir enerxía verde contratando a electricidade cunha distribuidora que nolo garanta, como Nosa Enerxía.



XOÁN DOLDÁN ▶
Decano da Facultade de Económicas da USC

Xoán Doldán explicou que todos os recursos naturais teñen un límite, mesmo os considerados renovábeis. O grande problema que temos é que, a partir da segunda metade do século XX, houbo *“un medre exponencial no consumo de recursos naturais e enerxéticos. Aí ten moito que ver o uso xeneralizado do automóbil. A extensión do uso de todo tipo de electrodomésticos e aparellos eléctricos disparou o consumo de moitos metais”*.

O mesmo acontece coas tecnoloxías asociadas á transición ecolóxica. *“Hai unha serie de materiais, como as terras raras, que se están levando a un grao de esgotamento que fai que sexa cada vez máis difícil pensar en tecnoloxías específicas para esa transición ecolóxica porque estamos condicionados pola dispoñibilidade deses materiais”*.

Neste senso, o coche híbrido e eléctrico nunca poderá substituír o parque móbil actual porque non temos materiais suficientes para facer esta transición. A solución a este esgotamento pasa non só por deseñar novas tecnoloxías, senón tamén por crear novos sistemas socioeconómicos alternativos ao consumo masivo e depredador.



XAN NEIRA ▶
Profesor de Agroecoloxía na Escola Politécnica de Lugo

Como profesor de Hidráulica e Rega, Xan Neira falou dun recurso vital do que na Galiza consumimos sen darlle moita importancia: a auga. Aínda que semelle ilimitada, ocupando o 70% da superficie do planeta, só un 3'5% da auga é doce, da cal o meirande está nos casquetes polares. *“Temos moita auga doce, pero non ilimitada, polo que temos que darlle bo uso”*, aseverou.

Neira lembrou que *“o principal uso da auga a nivel mundial é como rega en agricultura, consumíndose o 70% para esta finalidade. Se consideramos a alimentación, entón xa sobe ao 90%”*.

Dende este punto de vista, analizou a maneira que temos de regar na Galiza, concluíndo que *“regamos mal e cunha eficiencia moi baixa”*. O problema é que, co cambio climático, *“vai subir a temperatura media, medrar as precipitacións de inverno, e decrecer as de primavera e verán”*. Isto vai alterar o mapa de cultivos de Galiza e vains obrigar a xestionar mellor a auga, pero *“para xestionar a auga debemos xestionar o territorio”*. Por iso, a ordenación do territorio será vital nos anos vindeiros como ferramenta para enfrontar a crise climática.



MARÍA R. LAFUENTE ▶
Asesora de Adega na xestión do lixo do Concello de Allariz

Lafuente relatou como o Concello de Allariz conseguiu involucrar todo o municipio para reciclar boa parte dos refugалlos xerados, un xeito de demostrar que dende ámbitos municipais tamén é posible loitar contra o cambio climático e cumprir coa directiva da UE que obriga para 2020 a reciclar o 50% do lixo.

O proceso comezou en 2016. A toda a xente que tiña terra ou horta, déuselle un composteiro para que xestionase o seu lixo. Ademais, instaláronse 25 composteiros comunitarios para quen non tiña espazo para ter o seu propio. Tamén se crearon zonas para depositar os restos de podas, que se recollen, trituran e devólvense para botar ao compost. A maiores, faise recollida de refugалlos na hostalería e se instalaron composteiros nos centros escolares.

O resultado é que se creou un posto e medio de traballo, se conseguiu un considerable aforro na factura de Sogama e se está a producir abono para agricultura de boa calidade: *“Fixemos analíticas de metais pesados no compost, tanto do comunitario como do da hostalería e, en ambos casos, deu unha calidade apta para agricultura ecolóxica”*.

O remate do Foro puxérono tres voces do movemento ecoloxista galego: Nacho Jorganes, de Verdegala; Belén Rodríguez, de Adegala; e María Bañón, do movemento global contra a emerxencia climática Extinction Rebellion. As tres bosquexaron uns escenarios de futuro nada amables para a humanidade.

Nacho Jorganes comezou dicindo que na cuestión da emerxencia climática *“hai un rexeitamento cognitivo que nos impide ver a gravidade do problema, que nos impide ver o feito de que os nosos fillos e as nosas fillas vivirán peor do que nós vivimos agora”*.

A este descoñecemento sobre a crise climática, únese o feito de que para enfrontala precisaranse inxentes recursos e sacrificios económicos sen que vaia a haber un resultado inmediato ou visible. Iso supón que calquera acción que se faga ao respecto, non vai ter rendibilidade política, polo que os gobernos non se van esforzar moito por tirar do carro. Contra esta tendencia, *“é moi importante a divulgación. Informarnos ben nós e divulgar”*.

Jorganes enumerou cinco piares na loita contra o cambio climático:

1. Enerxía máis eficiente, limitando os combustibles fósiles e potenciando as enerxías limpas e renovábeis. Pero, para iso, habería que quitar os subsidios aos combustibles fósiles.

2. Estabilizar a poboación mundial que, actualmente, aumenta en 200.000 persoas por día. Aínda que non pareza moito, isto supón un aumento de 730 millóns de habitantes nunha década.

3. Rematar coa destrución da natureza e restaurar ecosistemas como axentes de captura de carbono.

4. Alimentarnos principalmente con produtos de proximidade e de tempada, a ser posible de producións sostíbeis.

5. Cuestionar o propio sistema capitalista. Cómpre rematar coa economía do carbono, desterrar o PIB como indicador de riqueza e benestar. O sistema económico debe basearse no benestar das persoas e na sustentabilidade.

Escenarios de futuro diante da crise climática



De esquerda a dereita, o moderador da palestra, Xosé María García Villaverde, e as relatoras Belén Rodríguez, María Bañón e Nacho Jorganes

✓ Mudar un sistema que nos leva ao colapso

Neste último punto tamén coincidiu **Belén Rodríguez**, de Adegala, que avogou por mudar de modelo económico, xa que o actual *“lévanos ao colapso”*.

Rodríguez expresou a súa fonda preocupación por un problema que é *“o gran reto que temos como especie para o futuro. Aínda que o ser humano deixe de existir, o planeta seguirá vivo”*. E dado que falamos dunha crise de orixe antropoxénica, a solución debe vir das persoas.

Unha ducia de industrias galegas son as causantes do 15% das emisións de gases con efecto invernadoiro do Estado. Obviamente, é preciso emprender accións e, dado o seu papel contaminante, Galiza non pode quedar allea ao problema. *“Non facer nada non é alternativa, nin sequera dende un punto de vista económico, xa que non facer nada será a opción máis cara”*.

Respecto das solucións que podemos poñer en marcha na Galiza, Belén Rodríguez subliñou a importancia das **políticas forestais**. *“O noso territorio está*

sendo invadido por eucaliptos e estamos quedando sen superficie para cultivar. Isto empeorará se impulsan os cultivos enerxéticos, ocupando máis terras con especies de crecemento rápido para cortar e queimar en ciclos de 6 a

7 anos. E isto nun contexto que prevé un aumento da demanda de alimentos nun 70%. Onde os imos cultivar?”

O escenario é de grande incerteza, de toma de decisións contraditorias e mesmo de medo, co medre do fascismo en varios países. Pero a única solución posible pasa por decrecer. *“Pero estamos preparadas para asumir formas alternativas de vida? Para sacrificar ou renunciar a algunhas comodidades que temos?”*, preguntouse a activista de Adegala. Se queremos realmente solucionar o problema, *“temos que promover formas de vida baseadas na solidariedade, no cooperativismo, etc. Non podemos seguir coa cultura de pecharnos de brazos e agardar que os poderes políticos o fagan. Como sociedade, debemos tomar a iniciativa”*.

Iniciativas globais fronte a un problema de escala planetaria

A encargada de pechar o Foro foi **María Bañón**, que asistiu como representante dun movemento cívico de creación recente, Extinction Rebellion, nacido en 2016 no Reino Unido. Bañón explicounos que Extinction Rebellion promove *“unha desobediencia civil non violenta como ferramenta de presión ante os gobernos, para que a sociedade teña presente o problema e a necesidade de adoptar medidas valentes diante da crise climática”*. Neste senso, teñen tres eixes de traballo:

1. Pedirle aos gobernos que digan **a verdade** e que non oculten información, comprometéndose con solucións a longo prazo.

2. Actuar xa. *“Non nos vale que se fagan plans para comezar non se sabe cando. Cómpre actuar xa para diminuír as emisións de gases con efecto invernadoiro en 2025 e para frear a extinción de biodiversidade”*.

3. Creación de asembleas cidadás para propiciar un **proceso participativo** de cara a que os gobernos escoiten a voz do pobo e **xustiza social**. *“Somos conscientes de que se pedimos o peche das centrais de As Pontes e Meirama, tamén debemos esixir solucións para as familias que van quedar sen postos de traballo e para as comarcas afectadas”*.

FIN ■

MINARÍA ▶ Nos últimos anos as empresas do sector, co apoio financeiro da Xunta, están a multiplicar as súas accións de lavado de imaxe e de promoción pública

A patronal mineira adoutrina a rapazada sobre as bondades da súa actividade

Polémica por unha excursión do CEIP de Arzúa á mina de Touro e polos premios de actividade sustentable a Erimsa

Nos últimos meses, dende o Sindicato Labrego Galego e dende plataformas como Contraminación, detectamos varias accións por parte de empresas mineiras para mellorar a súa imaxe diante da opinión pública. De feito, están a facer actividades claramente partidistas nas que se venden as bondades da minaría entre un público altamente vulnerable como son os nenos e nenas, e en espazos que deberían manter unha escrupulosa neutralidade nestas cuestións como son os centros escolares.

O último exemplo vivímolo no Centro de Educación Infantil e Primaria de Arzúa, que organizou unha excursión con nenos e nenas á mina de Touro O Pino, onde se lles adoutrinou sobre o beneficiosa e necesaria que era esta actividade industrial e, obviamente, se lles ocultaron os seus impactos como a contaminación, o desastre ambiental causado polas extraccións ao longo dos anos ou os perigos e ameazas que pesan sobre decenas de familias e aldeas a causa dos novos proxectos extractivos.

A organizadora da actividade foi Leyre Aldasoro, tal e como se desprende dos vídeos e textos publicados con motivo desta excursión, onde lle dan as grazas "...a Leyre, a armadanzas desta actividade!!!!". Para quen non coñeza a Aldasoro, foi a xefa do Partido Popular de Arzúa hai anos e, dende hai pouco, e grazas ás portas xiratorias, traballa como responsable administración de Cobre San Rafael, filial



A patronal mineira ten publicado material didáctico de propaganda dirixido a educación infantil, primaria e secundaria



de Atalaya Mining, a multinacional que pretende reabrir a mina de cobre de Touro O Pino.

✓ Premios a Erimsa

Por outra banda, nos últimos tempos Erimsa recibiu algúns premios de sostibilidade entregados pola patronal dos Áridos. Non temos nada en contra de que asociacións profesionais se premien a si mesmas e ás súas

socias, pero hai que matizar que a actividade de Erimsa non ten nada de sostible.

De feito, tal e como informamos no anterior Fouce, a ameaza do impacto ambiental e sobre as actividades agrogandeiras fixeron que, recentemente, os alcaldes de concellos como Abadín, A Pastoriza, Castro de Rei e Cospeito, en representación dos concellos chairegos

afectados polas concesións mineiras, rexeitasen a súa actividade.

Dende o SLG agardamos que os premios recibidos por Erimsa non sirvan de escusa para que a Xunta autorice os seus proxectos a pesares do rexeitamento que suscitan e da súa manifesta incompatibilidade coas actividades agrogandeiras e o equilibrio medioambiental.

A resposta á pregunta do millón: paga a Xunta cos cartos de todos e todas

Poderíamos dicir que todas estas actividades de lavado de cara por parte de empresas mineiras son a resposta á pregunta do millón. Literalmente. O 2 de xullo de 2019, aproveitando o inicio das vacacións de verán, a Xunta de Galicia publicou unha orde no Diario Oficial de Galicia pola que se concedía 1 millón de euros de fondos propios a asociacións sen ánimo de lucro para, entre outras accións, "á divulgación do sector na sociedade, incluíndo a investigación e divulgación da historia da minaría de Galicia e a recuperación e posta en valor do patrimonio mineiro". É de supor que a profusión de actividades de promoción e lavado de imaxe das actividades mineiras na Galiza, incluídas as campañas de adoutrinamento que se están a facer en moitos centros escolares ou o

portal web "Minaría sostible de Galicia", estean a ser financiadas por ese millón de euros de cartos públicos concedido pola Xunta para tal fin.

Ao peche deste Fouce, o DOG do 9 de xaneiro publicaba a resolución destas axudas, concedéndose, finalmente, máis de 960.000 euros. De todos estes cartos, ao redor dun terzo se dedicará precisamente a actividades de promoción.

Antes da creación desta partida orzamentaria, a Xunta xa subvencionou á patronal mineira galega con máis de 43.700 euros para facer propaganda sobre minaría nas escolas en 2018. A maiores, á Asociación Galega de Áridos recibiu outros 25.884 euros para elaborar o segundo número de «Os áridos, un día na canteira con Lagartíño»; en 2019, terá outros 20.000 para o mesmo.

E mentres a mina adoutrina, en Touro dos lodos de depuradora e a ameaza




JESÚS PENIDO ▶ Presidente da Asociación Cheiros Non (Loxo)

Jesús Penido vive en Loxo (Touro) e farto, como a maioría da veciñanza, dos cheiros insupportables da planta de reciclaxe de lodos de depuradora que está a utilizar os terreos da antiga mina para verter decidiu crear a Asociación Cheiros Non. *“Xuntámonos porque levamos moitos anos sufrindo o impacto da actividade dunha empresa que se chama TEN (Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste). Este verán marcou un antes e un despois pola intensidade dos cheiros que fan moi difícil vivir en parroquias como Loxo e Bama”.*

A empresa, que é propiedade do empresario Francisco Gómez igual que Cobre San Rafael e Explotaciones Gallegas SL, está a recibir en Touro os lodos de depuradora da franxa atlántica galega, as excrecencias e detritos da zona máis poboada de Galiza, con máis dun millón de habitantes e que inclúe cidades como Vigo. *“A maior parte deste lodo non recibe ningún tratamento”, denuncia Penido, “simplemente se vai depositando nas cortas da antiga explotación mineira”.*

“En teoría TEN é unha empresa de reciclaxe, pero eu vexo

entrar camiións as 24 horas de día para descargar lodos, polo que é imposible que reciclen tal cantidade de refugallo. Só hai que ver os ríos, que baixan de cor verde ou branca dependendo dos tratamentos químicos que utilicen. Ningún político fai nada por solucionar esta situación. Todas estas augas van para o Ulla, que desemboca na Ría de Arousa. A Garda Civil, o Seprona, a Policía Autonómica, mesmo a conselleira de Medio Ambiente, teñen coñecemento disto con todo tipo de probas, dende vídeos a fotografías, pero ninguén fai nada”.



RICARDO ARES ▶ Gandeiro da SAT Santa María de Loxo

Ricardo é gandeiro e forma parte da SAT Santa María de Loxo. Fundada no ano 2003, forman parte dela tres familias e dá traballo a seis persoas. Ricardo coñece ben o impacto da actividade mineira, pois *“a antiga mina xa me afectou na casa onde vivía porque estaba moi preto e nos colleron terras. Hoxe, o actual proxecto suporía rematar co pouco que queda. A min, en particular, colleríame todas as terras que teño, tanto en labradío coma monte. Levaríanos dez hectáreas, sete delas nunha soa finca. Na SAT, en total, traballamos 40 hec-*

táreas, entre terras alugadas e propias”. Ao quitarlles o 25% da base territorial, a súa actividade gandeira quedaría moi tocada: *“A granxa non a pecharíamos porque poderíamos seguir traballando coa terra dos outros socios, pero reduciría moito a nosa produción. Se agora temos 190 vacas, teríamos que reducir a 140”.*

Ademais, as fincas que se expropiarían para a actividade mineira beneficiáronse de procesos de concentración parcelaria. *“Algunhas comezaron a concentrarse nos anos setenta, noutras rematou o proceso haberá uns*

cinco anos. Os títulos de propiedade entregáronse hai pouco. Aí investíronse moitos cartos para xuntar as terras, para abrir camiños e pistas de acceso, etcétera. E todo iso vaise destruír”.

Máis alá do traballo, Ricardo teme que a vida en Arinteiro tornaría moi difícil porque *“a miña casa quedaría atrapada entre dúas balsas de lodos tóxicos. Eu e a miña familia teríamos que marchar”.* Nin sequera a auga se salvaría, xa que *“os mananciais que abastecen boa parte da parroquia de Loxo están xusto onde queren facer a balsa de lodos”.*



JOSÉ MORETIN E MANUELA RENDO ▶ Xubilad@s

José Moretin e Manuela Rendo vivían en Bilbao pero, en 1976, volveron para a Galiza natal dela por motivos de saúde, en busca dun aire menos contaminado. Até 1983 tiveron que aturar a actividade mineira de Riotinto. *“Había moito po en suspensión e todo tremía coas explosións, pero foi pouco tempo”.* Manuela lembra ver como morrían en masa *“as troitas do río de Brandelos, os salmóns do Ulla. Acabaron con todo. Naquel entón, na Ría de Arousa morréronlles as ameixas e os berberechos. Botáronlle a culpa á auga doce, pero eu estou segura de que foi porque baleiraron as augas das minas”.*

A pesar de que viven ben hoxe en día, o novo proxecto de Atalaya Mining ameaza as súas vidas. José teme o peor porque *“a veta*

máis grande témola a cen metros. Non sei que farán coas nosas casas, se as enterrarán ou se nos botarán. A min dóeme dúas veces. Porque eu tiven que abandonar o meu traballo, a miña terra e unha boa situación económica para vir aquí”. E o problema non é só para eles, senón para as xeracións que veñen detrás. Di Manuela que *“eu sei que vou morrer, porque teño 75 anos. Pero quedan as miñas fillas e fillos, os meus xenros, a miña nora e os meus netos. Para onde van? Tamén teñen que marchar? Para onde nos queren botar?”*

José e Manuela desconfían dos alcaldes de O Pino e de Touro, favorables á mina e contrarios ás persoas que se opoñen a ela, da mesma maneira que poñen en cuestión os postos de traballo prometidos pola empresa.

seguen padecendo o fedor insoportable do futuro proxecto de Atalaya Mining

Serxio Louzao confesa que, cando se presentou o proxecto de extracción de cobre por primeira vez foi mesmo ilusionante para moita xente *“pero, unha vez que me informei, vin que supón un auténtico desastre mírese dende o punto que se mire”*.

Un dos maiores impactos que tería sería sobre a auga. *“En Touro somos deficitarios porque boa parte da auga que temos está contaminada. De feito, levamos dous veráns con restricións. A mina e o cambio climático agravan considerablemente este problema”*.

Outra das fontes de riqueza na que impactará de cheo a actividade mineira será o turismo, especialmente no Camiño de Santiago. Unha das afectadas é Elena Vázquez, que rexenta unha empresa de turismo rural en Touro. *“Levo o negocio xunto aos meus irmáns e, polo que sabemos, esta zona vai verse moi afectada. A maior parte do noso turismo vén do Camiño de Santiago e as axencias comentan que, se abre a mina, valorarán facer un desvío para outra zona, co cal pasaría de ter un 95% de ocupación en temporada alta a quedar baleira”*.

Puidemos falar con Pepe e Lucía na granxa As Cerdeiras, en Prevedíños, que rexenta o seu fillo. Os malos recordos da antiga actividade mineira fan que ambos rexeiten a posibilidade de que se reinicie a extracción de cobre. A contaminación dos ríos é unha das principais razóns que esgrimen. *“Cando eu era neno íamos ás troitas decotío, pero hoxe non nos podemos achegar a ningún río, nin para pescar, nin para abeberar as vacas, nin para ningún outro uso porque están totalmente contaminados”*, quéixase Pepe. *“Mesmo é perigoso porque todas as pedras das beiras están lixadas e esborréxese moi doado nelas. O único que nos vai deixar a aquí unha nova mina é máis porcallada, cheiros como os que xa hai, e contaminar o pouco que queda limpo”*.

Serxio lembra que, para procesar o cobre, se utilizarán compostos químicos moi contaminantes, canceríxenos e incompatibles coa vida. *“Todo iso quedará mesturado cos lodos e refugallos e irase depositando nunhas balsas que só teñen como protección un plástico do grosor dos que se utilizan para o silo. A empresa terá responsabilidade sobre esas balsas de lodos tóxicos durante trinta anos e, a partir de aí, deixará de tela. Calquera problema que xorda a partir de aí, como unha rotura da balsa, filtracións, rebordamentos por choivas to-*

Máis alá do negocio, a Elena preocúpalle *“o dano que se lle pode causar ao concello e á veciñanza. Primeiro somos as persoas. Que haxa xente vivindo a escasos metros de onde pretenden erguer as balsas de lodos tóxicos é motivo máis que suficiente para dicirlle non á mina”*. Diante da ameaza *“é incomprensible que non se paralice o proxecto. Sinto unha decepción profunda polos nosos políticos”*.

Respecto dun dos principais argumentos a favor da mina, o dos postos de traballo, Elena ten dúbidas. *“Fálase de que hai moita*

rrenciais, colapso... Iso vai quedar para nós”.

Louzao tamén desconfía da política. *“Nos últimos trinta anos non denunciaron ningunha das ilegalidades nin dos delitos ambientais da mina por iniciativa propia”*. En canto aos actuais propietarios da mina, *“son uns auténticos terroristas ambientais de forma reiterada. Os peores danos da mina hoxe en día non os causou Riotinto, senón a actual empresa propietaria, con Francisco Gómez á cabeza, en complicidade coas administracións local e autonómica”*.

xente desempregada en Touro e O Pino. Pero eu coñezo empresarios da zona aos que lles custa atopar xente para traballar, polo que sospeito que os datos sobre desemprego na zona non son reais. Non creo que traballar nunha mina vaia ser mellor que traballar nunha pensión ou nun restaurante. E, en calquera caso, a mina só ofrecerá emprego durante dez ou quince anos. Que sentido ten que para crear emprego temporal destrúan outros traballos estables que levan moitos anos e que van mesmo pola segunda ou terceira xeración?”



SERXIO LOUZAO ▶ Empresario do sector audiovisual (Fonte Díaz)



ELENA VÁZQUEZ ▶ Empresaria de turismo rural en Touro



PEPE DE CANEDA E LUCÍA SUÁREZ ▶ Gandería As Cerdeiras

FORMACIÓN ▶ Foron a cuarta e quinta convocatorias, nas que se visitaron un total de cinco proxectos agrogandeiros en Vedra, A Estrada, Ribadeo e Tapia de Casariego

A Mocidade do SLG consolida as Xornadas de Granxas Abertas con dúas novas edicións

Foron catro fincas de horta e froita e unha granxa de leite que puideron coñecer de preto unhas setenta persoas vidas de toda Galiza

Dende a publicación do último Fouce, a Mocidade do Sindicato Labrego Galego organizou dúas Xornadas de Granxas Abertas. A primeira delas foi no sur da bisbarra compostelá o 6 de novembro e estivo centrada en fincas hortícolas. En concreto, visitamos o proxecto Burbullas de Sol en San Mamede (Vedra), que rexentan Conchi e Miguel, producindo hortalizas e froita para vender directamente en mercados ou cestas. Un pouco máis ao sur, en Paradela (A Estrada), Óscar ensinounos as súas leiras e invernadoiros nos que produce para fornecer pequenos comercios da comarca.

O 19 de decembro organizáronse as quintas Xornadas de Granxas Abertas, desta vez a ambas beiras do río Eo, en Tapia de Casariego (Asturies), onde coñecemos a granxa de leite ecolóxico de Guzmán e o proxecto de inserción laboral de persoas discapacitadas que a Fundación Edes leva a cabo na finca El Cabiñón; e en Ribadeo, onde nos



achegamos até a finca As Fadegas, onde Montse e Marta dan continuidade a un proxecto de horta agroecolóxica pioneiro na Galiza e iniciado antes mesmo da creación do Craega por Elia e Vicente, nai e pai de Marta.

O 6 de novembro as Xornadas de Granxas Abertas recalaron en Vedra e A Estrada con 40 persoas inscritas (arriba); o 19 de decembro tocou en Tapia de Casariego e Ribadeo (abaixo)



CONCHI DOCAMPO ▶ Burbullas de Sol (Vedra)

Miguel e Conchi recalaron en Vedra en 2005. Comezaron con horta de autoconsumo e, en 2014, deron o paso para profesionalizarse. Hoxe son catro coas crianzas, pero ela é a única que se dedica totalmente á horta, xa que Miguel traballa a media xornada fóra para completar ingresos. “Cotizar dúas persoas nun proxecto familiar de horta é moi complicado”, comenta Conchi.

O principal atranco para instalarse foi o acceso á terra. De feito, agora mesmo teñen só 2.000 metros de terras a carón da casa, onde hai un pequeno invernadoiro para planta e maceiras. As outras fincas que traballan son cedidas e lonxe da venda: unha de tres hectáreas con froiteiras, horta e porcos criados fóra; e a outra cos invernadoiros. Ao ter as terras lonxe da casa, tiveron problemas con roubos reincidentes de galiñas.

En canto á comercialización, fan venda directa en mercados, como o Lusco Fusco, os martes en Belvís (Compostela); e tamén venden cestas a domicilio en Vedra e Santiago, que reparten os xoves. O problema desta maneira de comercializar é que no verán descenden moito as vendas porque a xente marcha fóra, de maneira que nunha época que debería supor un pico de vendas polo aumento da produción, só conseguen manterse. **SEGUE** ▶



ÓSCAR FERNÁNDEZ CUTRÍN
► É Vida

Antes de dedicarse á agricultura, Óscar traballou fóra durante quince anos, até que a necesidade de ter que coidar de persoas maiores lle fixo dar unha viraxe á súa vida dedicándose á terra. Agora mesmo, xa leva tres anos co proxecto É Vida, na parroquia de Paradela (A Estrada). O feito de que a familia xa tiña terras suficientes -2 hectáreas-, todo tipo de froiteiras en plena

produción, e algunha maquinaria e instalacións, animouno a dar o paso. Hoxe, traballa 4.000 metros onde planta todo tipo de hortalizas, amais de criar animais, dende ovellas a galiñas. A maiores, produce froita e mel.

No seu caso, tamén apostou pola comercialización directa: *“Fun probando e collendo experiencia, visitando fincas, e hai tres anos que me din de alta producindo e vendendo a pequenas tendas de Compostela e A Estrada.*

Refusei a posibilidade de vender cestas porque, ao estar só, non podía garantir a mantenza dun mínimo de produción variada todo o ano”.

Os comezos foron duros, xa que *“gastas máis que gañas para darte a coñecer. Non recibín subvencións. Investín os aforros en mercar un tractor de segunda man e montei un invernadoiro grazas a un préstamo. Os dous primeiros anos ás penas gañei para pagar a Seguridade Social”.*

GUZMÁN DÍAZ CASTAÑEIRA ►
Gandería Eco Vacuno de Leche

Guzmán comezou hai 37 anos coa granxa de leite en convencional, pero hai 20 pasou a ecolóxico. Dende o comezo apostou polo pastoreo, polo que a transición non foi difícil. Hoxe en día xestiona 60 hectáreas de terras. Das 90 reses que ten, están en muxido entre 60 e 65.

Aínda que comezou con frisoas, probou a cruzar con outras razas como Belga Azul ou Fleck-

vieh con resultados moi positivos. Hoxe en día, todas as vacas que ten son cruzadas.

Obviamente, co paso a ecolóxico e co cruzamento de razas descendeu a produción de leite, pero co paradoxo de que se incrementaron os beneficios. *“Antes, producíamos máis de 7.000 litros por vaca. Agora, producimos a metade, pero gañamos o dobre. Contra menos dan as vacas, máis gañas. Dos nosos ingresos, quedanos o 60% é benefi-*

cio. Non utilizamos maquinaria, non temos que pagar amortizacións, os tratamentos veterinarios son homeopáticos. Nós temos un prezo ao redor de 50 céntimos por litro. As axudas supoñen uns 4 céntimos máis e a iso habería que engadir calidades, etc”.

En canto ao manexo de pastos, non sementa herba, senón que a deixa medrar de maneira natural, abonando coa propia bosta das vacas e corrixindo a acidez con cal de canteira.



ANTÓN GARCÍA MÉNDEZ ►
Presidente da Fundación Edes

El Cabillón é unha iniciativa da Fundación Edes, fundada en 1999, que comezou no ano 2006 e coa que se articula unha saída laboral para persoas con discapacidades psíquicas ou físicas na comarca de Tapia de Casariego. *“O 90% das persoas que traballan en El Cabillón teñen unha discapacidade recoñecida do 33% ou superior, con soldos superiores ao salario mínimo interprofesional.*

Nas contas do último ano, demos cuberto estes salarios coa venda das nosas producións, e tivemos contratadas 18 persoas”. Dende os seus inicios, El Cabillón deu traballo a máis de 40 persoas.

En El Cabillón, toda a produción que teñen é ecolóxica certificada. Traballan unha finca de 9 hectáreas cedida polo concello que en boa parte ten problemas de empozamento cando chove a pesares das numerosas obras de drenaxe realizadas. Unha parte

da finca está plantada con maceiras para sidra e arandos. O resto, con invernadoiros e horta ao aire libre.

En canto á comercialización, apostaron dende o comezo pola venda directa en feiras, pequeno comercio, grupos de consumo, restaurantes, comedores escolares e nunha tenda propia que teñen na mesma finca. Complementan a produción con traballos de xardinería e actividades de sensibilización ambiental.

MARTA MÉNDEZ e MONTSE LAIA ► Finca As Fadegas

Xa en terras galegas, Marta e Montse ensináronnos a súa finca de horta e froita ecolóxica As Fadegas. Ambas colleron hai tres anos o relevo de Elia e Vicente, nai e pai de Marta, que foron pioneiros na produción ecolóxica na Galiza, antes mesmo da creación do Craega, e mesmo en horta, ao montar o primeiro invernadoiro da provincia de Lugo en 1978.

Actualmente, traballan 1.800

metros de invernadoiros e unha hectárea ao aire libre. Aínda que cultivan de todo, a súa hortaliza estrela é o tomate. O pemento e a xudía tamén ocupan boa parte de cada campaña. No inverno, a base da súa produción son as *brassicas*, especialmente a coliflor e o brócoli, tamén porros e cenoria.

No seu caso, apostaron pola venda directa, acudindo ao mercado de Ribadeo (dúas veces por semana no verán e con periodi-

cidade semanal o resto do ano), onde venden o 90% da súa produción, e fornecendo tamén pequeno comercio e grupos de consumo nos que reparten entre 10 e 15 cestas quincenalmente. Teñen garantido o maior pico de vendas anual no verán grazas á afluencia de turistas á Mariña. Respecto desta estacionalidade nas vendas, Marta dixo que *“se tivésamos que vivir só do que ingresamos no inverno, teríamos que pechar”.*

FIN ■



Imaxe cedida por Campo Galego

VIOLENCIA MACHISTA ▶ A Secretaría das Mulleres do SLG organizou unha xornada de análise sobre este tema

O 25N focaliza as súas denuncias na violencia machista no eido xudicial

A Marcha Mundial das Mulleres convocou unha trintena de concentracións e manifestacións en vilas e cidades galegas

Este 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia Machista, a Secretaría das Mulleres do SLG apoiou, coma outros anos, as dúas de convocatorias que se organizaron dende a Marcha Mundial das Mulleres de Galiza. Neste 2019, dende a Marcha quixeron focalizar o problema da violencia no ámbito xudicial que, a causa dunha lexislación insuficiente e decotío aplicada de maneira deficiente, acaba sendo tamén outra forma de agresión contra as mulleres que sofren violencia machista e as súas crianzas.

Nesta liña, a Asociación Labregas, en colaboración coa Asociación Rede de Mulleres Contra os Malos Tratos de Vigo e a Secretaría das Mulleres do SLG, organizou unha xornada, o 26 de novembro en Compostela, para debater e reflexionar sobre uns procesos xudiciais

que, ao desenvolverse nun entorno machista, poden vitimizar de segundas ás mulleres denunciadoras. Baixo o título “*Procesos xudiciais nun entorno machista*”, nesta xornada reflexionouse sobre os procesos de denuncia, acompañamento, informes, etc. en relación á violencia de xénero, analizando como se manifesta todo isto no rural.

Pola súa banda, La Vía Campesina organizou unha semana global de mobilizacións, do 25 ao 30 de novembro, de loita pola eliminación da violencia contra as mulleres. Esta organización internacional da que forma parte o SLG, ademais de denunciar “*o sistema capitalista, heteropatriarcal, racista e colonizador, que explota, oprime e atenta contra a vida das mulleres e da humanidade*”, puxo o foco de atención sobre “*as mulleres emigrantes, desprazadas e en territorios en conflito*” debido á súa especial vulnerabilidade, xa que “*están expostas a todo tipo de violencias e violacións dos seus dereitos, son usadas coma obxectos de guerras, obrigadas a servizos sexuais e vícti-*



Unha trintena de concentracións e manifestacións aconteceron na Galiza co gallo do 25 de novembro, algunhas delas multitudinarias, como esta de Vigo

mas de torturas para sobrevivir”. Este ano, ademais, La Vía Campesina tamén denunciou “*a desaparición sistemática de lideresas sociais perseguidas, encarce-*

radas e asasinadas pola súa loita en defensa dos seus territorios e dos seus dereitos en países como Brasil, Colombia, Honduras e Filipinas”.

A Secretaría das Mulleres despide o ano cunha apretada axenda

Dende o 25 de novembro, a axenda da Secretaría das Mulleres do SLG foi moi intensa. O 30 de novembro, rematou a Escola Espadela, que contou coa secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, na clausura. Pola súa banda, a responsábel da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, participou, o 2 de decembro en Madrid, na presentación do estudo “*Dereitos das mulleres no medio rural*”, de Ceres e Mundubat; e noutro encontro de Ceres na Rioxa, o 6 e 7 de decembro, onde participou na mesa redonda “*Estratexias de incidencia política para a promoción das mulleres do medio rural e produtoras de alimentos nos órganos de decisión*”. Tamén impartiu, o 13 de decembro, a charla “*Feminismo como semente, soberanía alimentaria como froito: As mulleres labregas*” no Centro Social A Comuna. Finalmente, o local do SLG en Ordes acolleu unha nova xornada “*Sementando igualdade*” o 10 de decembro.

Encontro de traballo das mulleres da Vía Campesina en París

Sonia Vidal, como responsábel da área de Mulleres da Coordinadora Europea de La Vía Campesina (ECVC), e María Ferreiro, representando a Secretaría das Mulleres do SLG, tiveron un encontro de traballo en París, o 16 e 17 de decembro, con outras labregas activistas de organizacións agrarias. Ademais das mulleres do sindicato anfitrión, a Confédération Paysanne, participaron labregas de

Romanía, Noruega, Austria, Suíza, Inglaterra, Andalucía ou Euskadi.

Neste encontro tratáronse cuestións como que ferramentas desenvolver para combater a violencia machista, tanto a nivel doméstico como institucional, e especialmente no rural; ou como mellorar na participación e representatividade das mulleres no seo das organizacións agrarias.



Sonia Vidal e María Ferreiro, do SLG, participaron no encontro da ECVC en París

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense:

-7 xovencas.
-Ensiladora BLV.
-Maquinaria diversa.
En Cambre (A Coruña) por cese de explotación. Prezo negociable.
☎665 007 372 (Carme)

Véndese

-Tractor Ebro a bo prezo.
☎689 752 400

Véndese ou alúgase

-Granxa avícola en A Estrada de 1.200 m², con capacidade de até 18.000 polos. Dispón tamén de finca anexa.
☎634 409 255

Véndense

-Rolos de silo de herba (Lugo).
☎649 147 614

Véndese

-Prensa de queixo en Sobrado dos Monxes.
☎981 788 859 / 628 586 957

Véndese

-Rabaño de vacas de monte, rubias e os seus cruces.
☎626 442 294

Véndense

-Becerras e becerras de raza rubia.
☎986 668 820

Véndense

-Dous bois capados, un Rubio e outro cruzado de Rubia e Caldelá.
☎646 423 856

Véndese

-Carro mesturador Tatoma de 10 m3.
-Tractor EBRO 6067.
-Picadora Class Jaguar 695 Mega, con cabezal de millo e herba.
-Pacas grandes de herba seca picada.
-Desbrozadora de cadeas TMC.
☎648 611 395. (Fernando).

Véndense

-Segadora BCX.
-Rotativa de 1,65 de corte.
-Tanque Pako de 1.000 litros.
-Remolque.
-Circuíto de muxido 4 puntos.
-Cisterna de auga de 2.500 l.
-Cisterna de xurro de 2.500 l.
-Rotoempacadora.
☎669 836 716

Véndense

-Vacas de carne.
-Tractor John Deere 6610 de 130 CV con pa e galleto.
-Picador Pottinger con rotores e 32 coitelas.
-Rotativa Pottinger de 3.80 de corte.
-Angazo de 6 campás Kuhn.
-Aboadora 2.000 kg Amazone.
-Tractor Barreiros moi antigo, especial para coleccionistas.
-Seat Ibiza.
Por peche de explotación en Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndense

-50 rolos de herba seca. Prezo 15 € / rolo.
En Irixoa.
☎680 107 271 (Xosé Manuel)

Véndense

-Cisterna 1.800 litros en moi bo estado por pouco uso. Con documentación. Barata.
-Segadora de peite que funciona acoplada ao tractor. Moi bo estado de conservación. Tamén ten peites de reposto. Moi económica.
Oportunidade por cese de actividade.
☎630 161 952 / 981 196 114

Véndense

-Rolos de herba seca. Boa calidade. En Castro de Rei (Lugo).
☎659 643 489

Véndense

-2 porcos cebados.
-Parideira de porcos con baño para alimentación.
-Arado de vertedeira dos anos trinta para restaurar.
Na zona de Meira (Lugo).
☎982 330 623

Véndense

-Cisterna marca Carruxo de 8.000 litros.
-80 rolos de herba seca.
En Santa Cristina (Cospeito).
☎610 472 095 / 982 505 798

Véndense ou regálanse

-Cachorros pequenos.
☎981 446 501 / 644 791 378

Véndese

-Carro mesturador con fresa de 13m2 en bo estado, acabado de reparar.
Na zona de Boimorto.
☎649 449 031

Véndense

-Bañeira de aceiro con tapa. 1.200 litros.
-Depósito de fibra de 1.200 litros.
☎630 931 615

Véndese

-Xerador de 22 cadeas.
-Circuíto Manus.
☎618 244 883 (Suso)

Véndese

-Xovenca de carne primeiriza, preñada de 8 meses.
En Aldixe (Abadín, Lugo).
☎982 526 806

Véndese

-Viño do país, Barrantes e Mencía.
-Augardente.
☎986 689 486

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva.
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol).

Véndese

-Autocargador Galagri semínovo, por falta de uso.
☎606 739 438

Véndese

-Citröen Xsara HDI, 90 CV.
☎659 993 345 (Xoán).

Véndese

-Leña para biomasa.
☎670 895 789

Véndese

-Silo de 5.000 Kg dividido. Leva moito tempo parado. O funil ten un anaco podre: 300 €
-Poldro para mirar os pés, con cintas en perfecto estado: 200 €
-Depósito de gasóleo de 1.000 litros: 50 €
-Plataforma para coches sen documentación: 700 €
-Rolos de herba seca do ano 2019: 25 €
-Rolos de silo de herba seca do ano 2019: 35 €
-Alpacas de herba seca pequenas do ano 2019: 3 €
-Sala de muxido MIELE de 4 puntos, pulsadores optiplus, bomba de 1.200, medidores de cristal de 33 Kg. Todo en perfecto estado: 4.000 €
-Pataca branca Kenebec, perfecta tanto para fritir como cocer: 0'50 € / kilo.
-Segadora Fella 208. Nova. 5 discos: 4.000 €
En Cambre (A Coruña).
☎667 925 467 (Verónica)

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 Km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco).

Véndense

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado).
☎619 267 520

Véndense

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado.
☎605 908 585

Véndense

-Autocargador con rotativa MORRA, en bo estado.
-Tanque bañeira de frío de 1.000 litros, de aceiro inoxidable e baixo consumo.
-Sala de muxido con tres puntos e lavado automático.
☎981 781 879 / 636 650 908

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica.
-Tanque de leite Japy. 1.200 litros, monofásico.
☎690 779 973 (Oroso)

Véndense

-Autocargador Marangón de 13 coitelas.
-Angazo xuntador Kunh.
-Estendedor de silo.
-Desensiladora BVL de dobre coitela.
-Rolos de silo e herba seca.
☎689 552 293 (Guntín)

Véndese

-Aboadora de péndulo, marca Aguirre, con 500 kg. de capacidade. Na Limia.
☎650 019 275

Vendese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 Km.
☎692 979 686

OUTROS

Alugase

-Nave de recría, con capacidade para 30 animais. Na zona de Chantada.
☎687 082 210

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de roda-deira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente.
☎628 829 199



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

quero. Quérome. Non me quero. Quérome. Non me quero. Quérome. Non me quero. Quérome.



XV ENCONTRO ANUAL

SECRETARIA DAS MULLERES
DO SINDICATO LABREGO GALEGO

ALLARIZ 29 FEBREIRO-1 MARZO

Querome. Non me quero. Querome. Non me quero. Querome. Non me quero. Querome.

REVOLTA FEMINISTA EN TODAS AS ALDEAS



XORNADA NACIONAL EN DEFENSA DA TERRA


ARTICULANDO REDES E ACCIÓNS CONTRA O ACAPARAMENTO

8 de febreiro de 2020
Vilalba (Lugo)



sindicato
labrego galego
comisións labregas

**Na Escola da
Liga Santaballesa
en Feiranova
(Santaballa)**



Eucaliptos, minaría, urbanización salvaxe, parques eólicos, privatización de montes comunais... Galiza leva décadas sufrindo un proceso brutal de acaparamento de terras que socava a nosa soberanía alimentaria e nos condena a ser un dos territorios con menor superficie agraria da UE.

Con esta convocatoria, dende o Sindicato Labrego Galego queremos tecer redes de ideas e accións para virar esta tendencia e facer que a nosa terra volva ser o sustento vital dos galegos e das galegas, e non un coto privado para a depredación de grandes empresas.